

KINDS OF KINDNESS

Yorgos Lanthimos, 2024

1325

ESTREA EN NUMAX: 05.07.2024 | V.O.S.E. | +16 | 165 min

Fábula en forma de tríptico que narra tres historias: a dun home atrapado que tenta tomar as rendas da súa propia vida; a dun policía aterrado porque a súa muller, que desapareceu no mar, volveu e parece outra persoa; e a dunha muller decidida a encontrar a alguén cun don especial, destinado a converterse nun prodixioso líder espiritual.

«Un tríptico desacougante e cruel. A veces esmendrellante, outras repulsivo e sempre convencido de que o cinema ou fai dano ou non é»

Luis Martínez, EL MUNDO



O regreso da parella perfecta

Por Luis Martínez

Kinds of Kindness ten todo o que irrita aos irritables e lóceo cunha claridade e orgullo que non pode por menos que entusiasmar. O punto de partida non pode ser máis correcto. Tras os éxitos encadeados (isto tamén molesta) que supuxeron na súa carreira películas *A favorita* (2018) e *Pobres criaturas* (2023), o director recorre ao seu guionista de sempre, Efthimis Filippou, para volver a si mesmo e compoñer un tríptico do deacougo tan perfectamente milimetrado nas formas, case xeométrico, como caótico e turbador na súa esencia. E moi divertido tamén. Este home é o autor dos libretos de *Canino* (2009), *Alps* (2011), *Lagosta* (2015) e, a nosa favorita, *O sacrificio dun cervo sagrado* (2017). É dicir, da súa man saíu o ideario dun cinema empeñado en construír un universo no que os significados das cousas e as emocións aparecen sempre desprazados. Os personaxes reaccionan ante o que os rodea cunha consciencia extrema. Ningunha das súas accións é produto da rutina. Nada está dado. Todo o que ocorre, por disparatado e cruel que resulte, obedece a unha lóxica perversa, pero irrefutable. A idea é dotar de sentido mediante un mecanismo de contraste a todo aquilo que no gris cotián non o ten. Ou simplemente pasa desapercibido.

En *Kinds of Kindness* o xogo repítese. Agora son asuntos como o libre albedrío (realmente a liberdade é un ben desexable?), a identidade (somos sempre e de forma constante quen cremos que somos?) e a fe (por que decidimos crer no que cremos?) os que se diseccionan. E o de disección non é metáfora. Sangrar sangran. A película é unha fábula en tres actos. Cada un conta unha historia distinta sempre con idénticos actores (basicamente Emma Stone, Jesse Plemons, Willem Dafoe, Margaret Qualley e Hong Chau). Úneos a forma rigorosamente xélida, o ambiente estrañamente próximo e, xa se dixó, o elenco. Úneos Lanthimos. Sepáraos, o abismo que se abre aos seus pés. Cada un dunha profundidade e dun ton diferente de negro. É dicir, sepáraos Lanthimos.

No primeiro episodio, un executivo recibe ordes do que parece o seu xefe. Cando o que manda decida deixar de mandar, o que vén non é a liberdade senón a desesperación. Adoita pasar. No segundo, un policía vive desconsolado pola perda da súa muller nun accidente quizá aéreo. Cando esta última regrese por sorpresa e contra toda lóxica, xorde a dúbida: é ela de verdade? Pode ser alguén sempre o mesmo? E no último, séguese os pasos á crente dunha seita que, de súpeto, non só cre, senón que, ademais, ten razón. É dicir, o paradoxo da fe innecesaria ou da fe que non é fe por ser certeza.

Kinds of Kindness insiste en colocar a émulos de Bela Baxter ante a sorpresa dun mundo que na vixilia cremos ordeado e sensato, ata que unha simple cabezada (ou simple lucidez, segundo se mire) todo o descoloca, todo o ilumina. A película de case tres horas avanza pola pantalla como unha exhalación ás veces esmendrellante, outras repulsiva e sempre convencida de que o cinema ou fai dano ou non é. E iso, claro, crea tantas complicidades como protestas airadas. Hai non moito o presidente dunha institución moi alta de cinema español agradecía en público a unha revista para cinéfilos o labor de desenmascarar "ao grego". Os dous volven ter traballo. Non parece Lanthimos disposto a quitarlle aos inmaculados o pracer de sentirse ofendidos.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Pobres criaturas,
Yorgos Lanthimos.
Divisa [DVD/BR]